Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Toponimia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Raíña Loba e a orixe de Lobeira

Parada do Monte está en Lobeira (Ourense), e dise que lle debe o nome a que pasou por alí un día camiño da Limia a mesmísima Raíña Loba.

A raíña sentiuse indisposta e a comitiva tivo que deterse no medio daquel monte, que desde entón se chama Parada do Monte, e armaron cabanas onde agora se chama Cobiñas.

A Raíña Loba deu a luz en Parada e cando marchou, por deixar memoria daquel acontecemento, fundou non lonxe de alí o lugar que agora coñecemos como Lobeira.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Foro de Lobeira», en Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, V, Santiago de Compostela, 1930.

LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Algunas habitaciones de pastores en la Sierra del Leboreiro», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.